



CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221
WWW.ORDES.GAL

CERTIFICACIÓN

**JUAN LUIS GONZÁLEZ IGLESIAS, SECRETARIO XERAL
DO CONCELLO DE ORDES - A Coruña**

CERTIFICO: Que pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, de data 26 de xuño de 2025, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

5.AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DE EMPREGO BRAÑAS DO ILLÓ-RÍO SAMO VII.

Expediente de convocatoria de axudas á inserción laboral a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado do obradoiro de emprego Brañas do Illó-Río Samo VII (**Expdte. 2025/A002/000001**).

Visto que o Concello debe promocionar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes no obradoiro de emprego Brañas do Illó-Río Samo VII, a través de incentivos á contratación por conta allea durante un mínimo 3 meses a xornada completa en empresas para ocupacións do ámbito das materias impartidas neste obradoiro de emprego.

Visto o disposto no art. 15 da Orde de 07/02/2024 (DOG nº 38, de data 22/02/2025).

Visto o disposto na base 38ª de execución do orzamento municipal 2025 (prorrogado 2024).

Visto o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 19 de xuño de 2023, por maioría de seis votos a favor, sendo seis o número legal de membros da mesma, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o gasto con cargo á partida **241.470.00** do orzamento municipal para 2025 (prorrogado 2024), por importe de **EUROS DEZAOITO MIL (18.000,00)**.

2º.- Aprobar a convocatoria e bases reguladoras de axudas á inserción laboral a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado do obradoiro de emprego Brañas do Illó-Río Samo VII.

E para que conste e xurda os efectos oportunos, expido a presente certificación, de Orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde-Presidente, en Ordes, na data da sinatura electrónica.

Vº Pº
O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(Asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias